

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18321** *Real decreto 1630/2011, do 14 de novembro, polo que se regula a prestación de servizos sanitarios e de recuperación polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.*

Entre as prestacións e servizos legalmente atribuídos ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, reviste especial importancia a asistencia sanitaria que dispensan aos traballadores ao servizo dos empresarios asociados e aos traballadores por conta propia adheridos, non só polo seu ámbito e materia e pola orixe das lesións ou enfermidades que motivan a dita asistencia sanitaria, senón porque esta prestación constitúe unha parte importante da actividade encomendada ás mutuas.

As instalacións e servizos sanitarios de que dispoñen as mutuas para dispensar a asistencia que teñen encomendada, aínda que adscritos a estas entidades e a fins específicos da Seguridade Social, con cuxos recursos se financian, están destinados á cobertura de prestacións integradas no Sistema Nacional de Saúde, polo que deben gardar a máxima coordinación cos recursos humanos e materiais do referido sistema, en concordancia co establecido no artigo 4.1 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade. Así mesmo, débese ter en conta que estas entidades forman parte do sector público estatal nos termos establecidos no artigo 2.1.d) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Por outro lado, os recursos con que se financian estas prestacións forman parte do patrimonio da Seguridade Social sen que caiba establecer unha relación privilexiada entre un grupo de empresas e traballadores e unha mutua determinada, en prexuízo do resto. Ademais, a posibilidade e frecuencia de cambios dunha empresa entre distintas mutuas ou dos traballadores entre distintas empresas ao longo da vida laboral, pon de manifesto que a relación de asistencia sanitaria e recuperadora se debe entender entre a totalidade da poboación protexida e o conxunto dos recursos asistenciais.

Todo iso, unido ao obxectivo da maior eficacia e racionalización na utilización dos recursos públicos xestionados polas mutuas, que debe presidir en todo momento a súa actuación, fai necesario o establecemento dos mecanismos precisos para optimizar a utilización dos medios con que as mutuas dispensan a prestación de asistencia sanitaria e para coordinar a dita utilización coa dos restantes recursos públicos, ben das administracións públicas sanitarias, ben doutras mutuas, así como a posibilidade de utilizar medios privados, de maneira que se dea cumprimento ao obxectivo sinalado e, ao mesmo tempo, se consiga a maior calidade posible na asistencia dispensada.

O Tribunal de Contas, pola súa banda, puxo de manifesto repetidamente a infrutilización dos recursos asistenciais das mutuas, en especial dos hospitalarios, ao tempo que salientaba a proliferación, non sempre controlada, de asistencias realizadas a través de concertos con medios privados mentres que unha parte dos recursos propios se mantiñan ociosos.

Ao establecemento dos mecanismos de optimización dos recursos sanitarios antes indicados responde este real decreto, no que se parte, como principio xeral, da plena utilización dos recursos sanitarios das mutuas, reservando a posibilidade de acudir aos medios privados aos supostos de inexistencia, insuficiencia ou non dispoñibilidade de recursos sanitarios das mutuas ou de inexistencia de convenios coas administracións públicas sanitarias, e sempre que os ditos medios privados contén coa aprobación das referidas administracións públicas sanitarias e reúnan o resto das condicións que neste real decreto se establecen. Todo iso sen prexuízo de que, no marco da reforma normativa prevista na disposición adicional décimo cuarta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre

actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, se leve a cabo unha modificación máis omnicompreensiva sobre as características das entidades e a xestión das prestacións, conforme os criterios e finalidades previstos na citada disposición, afondando aínda máis na eficiencia na xestión dos recursos, mediante a utilización en cada caso dos equipamentos máis idóneos.

Por outra parte, as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social poden prestar atencións e servizos a favor de persoas que carezan de dereito á asistencia sanitaria da Seguridade Social en virtude do disposto no artigo 71.5 da Lei xeral da seguridade social e nas normas de desenvolvemento. Pode acontecer que, aínda cando se trate de persoas que teñan tal dereito, exista un terceiro responsable civil ou penalmente dos feitos que dan orixe á prestación, caso en que a mutua ten dereito a reclamar a ese terceiro responsable o custo das prestacións sanitarias que tivese satisfeito, como prevén o citado artigo 71.5 en relación co artigo 127.3 da mesma lei.

En consecuencia, acométese así mesmo por medio deste real decreto a regulación do réxime aplicable ao establecemento das tarifas, a definición dos obrigados ao pagamento e o procedemento de reclamación da débeda.

Finalmente, a concepción integral do sistema sanitario propugnada pola citada Lei 14/1986, do 25 de abril, así como pola Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, leva a que este real decreto se dite por proposta conxunta do Ministerio de Traballo e Inmigración, ao cal lle corresponde a planificación e tutela da xestión exercida polas entidades colaboradoras da Seguridade Social, e do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, que ten encomendado o exercicio das competencias que lle corresponden á Administración xeral do Estado para asegurar aos cidadáns o dereito á protección da saúde.

Este real decreto dítase ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 5.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, así como pola Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración e da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

*Artigo 1. Prestacións sanitarias e recuperadoras das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.*

1. As prestacións sanitarias e recuperadoras da Seguridade Social derivadas de continxencias profesionais, encomendadas ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, así como a asistencia sanitaria correspondente a continxencias comúns que sexa legalmente autorizada ou que se poida realizar e facturar de conformidade coa normativa aplicable, poderanas facer efectivas aquelas mediante algunha ou algunhas das seguintes modalidades:

- a) A través dos recursos sanitarios e recuperadores xestionados polas mutuas, incluídos os das entidades e centros mancomunados.
- b) Por medio de convenios coas administracións públicas sanitarias ou mediante concertos con medios privados.

2. O desenvolvemento das actividades sanitarias e recuperadoras mencionadas levarano a cabo as mutuas nos termos que se sinalan neste real decreto.

3. As instalacións e servizos sanitarios e recuperadores das mutuas, en canto que están destinados á cobertura de prestacións incluídas na acción protectora da Seguridade

Social e integradas no Sistema Nacional de Saúde, estarán sometidos á inspección e control das administracións públicas sanitarias.

4. A subscrición dos contratos que sexan necesarios para dar cumprimento ás previsións contidas neste real decreto axustarase, en canto sexa de aplicación, ao establecido para o efecto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

5. Ao persoal sanitario que desenvolva as actividades sanitarias e recuperadoras encomendadas ás mutuas nas modalidades a que se refire o número 1, e que se encontre afectado polo previsto no artigo 3.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, seralle de aplicación o réxime de incompatibilidades vixente na comunidade autónoma en que se desenvolvan tales actividades.

6. Nos termos e co contido que estableza o Ministerio de Traballo e Inmigración, na Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social levarase un rexistro dos recursos sanitarios e recuperadores para a dispensación das prestacións encomendadas ás mutuas, que deberá conter, polo menos, información relativa aos centros propios e concertados, persoal sanitario que presta servizos neles e actividades de tales centros.

*Artigo 2. Criterios para a creación de instalacións e servizos sanitarios e recuperadores e formalización de convenios e concertos.*

Os criterios a que se deberá axustar a creación de instalacións e servizos sanitarios e de recuperación das mutuas, así como as condicións e o contido mínimo necesarios para a colaboración con outras mutuas, a formalización de convenios coas administracións públicas sanitarias ou concertos con medios privados, son os que se establecen neste real decreto.

## CAPÍTULO II

### **Asistencia sanitaria e recuperadora con medios xestionados polas mutuas**

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Instalacións e servizos sanitarios e recuperadores adscritos ás mutuas*

*Artigo 3. Creación e modificación de instalacións e servizos sanitarios e recuperadores das mutuas.*

1. As mutuas poderán crear instalacións e servizos sanitarios e recuperadores para a prestación da asistencia sanitaria e a plena recuperación dos traballadores accidentados no traballo e afectados de enfermidade profesional, conforme a planificación que estableza o Ministerio de Traballo e Inmigración, tendo en conta a dispoñibilidade dos servizos sanitarios e recuperadores doutras mutuas, así como a existencia de convenios coas administracións públicas sanitarias na área xeográfica de influencia en que se pretendan crear tales servizos.

2. No suposto de inexistencia, insuficiencia ou non dispoñibilidade de instalacións e servizos sanitarios e recuperadores das mutuas ou de inexistencia de convenios coas administracións públicas sanitarias na área xeográfica de influencia, aquelas poderán someter á aprobación da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social a creación ou modificación de instalacións e servizos sanitarios e recuperadores, xunto cunha memoria na cal se fagan constar os extremos que se sinalan a seguir, en unión de certificación de acordo da xunta directiva sobre a procedencia de creación ou modificación de tales instalacións e servizos:

a) Xustificación da necesidade da creación ou modificación de instalacións e servizos solicitada pola inexistencia, insuficiencia ou non dispoñibilidade de recursos sanitarios e recuperadores adecuados doutras mutuas ou pola inexistencia de convenios

coas administracións públicas sanitarias a través dos cales podería dispensarse a asistencia sanitaria e recuperadora.

b) Contía e distribución dos investimentos correspondentes, así como as previsións de gastos de funcionamento (capítulos 1 e 2 do orzamento).

c) Calendario previsible de execución.

3. A Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social remitirá a solicitude, xunto coa memoria acompañada, ás administracións sanitarias das comunidades autónomas afectadas pola solicitude, para que emitan informe valorativo, con carácter preceptivo e determinante, acerca da situación e características das instalacións e servizos propostos e da súa adecuación ás finalidades que deben cumprir e ao establecido na normativa específica que resulte de aplicación na comunidade autónoma.

4. A Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social ditará resolución que aprobe ou denegue a solicitude de creación ou modificación de instalacións e servizos sanitarios e recuperadores formulada pola mutua no prazo dos seis meses seguintes á data da presentación.

A resolución aprobatoria da solicitude determinará as condicións en que se deberá levar a efecto a súa execución.

5. En relación cos investimentos ou operacións patrimoniais que comporte a creación ou modificación de instalacións ou servizos sanitarios e recuperadores, observarase o disposto nos artigos correspondentes do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.

Os investimentos ou operacións patrimoniais indicadas con cargo a recursos da Seguridade Social só se poderán realizar no suposto de dispoñer da autorización previa correspondente, de acordo co establecido no Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro, sobre o patrimonio da Seguridade Social.

#### *Artigo 4. Acreditación de suficiencia. Supresión de instalacións e servizos sanitarios e recuperadores.*

1. As mutuas deberán acreditar ante a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social a suficiencia das súas instalacións e servizos sanitarios e recuperadores, outorgada polos órganos correspondentes das comunidades autónomas.

2. A supresión das instalacións e servizos sanitarios e recuperadores tramitarase de conformidade co disposto no artigo 12.1 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.

#### *Artigo 5. Prestación de servizos profesionais clínicos.*

Nos termos e condicións que establezan as disposicións de aplicación e desenvolvemento, as mutuas poderán contratar a prestación de servizos profesionais clínicos con persoas físicas ou xurídicas nas instalacións e servizos a que se refire o artigo 3, cando razóns de especialidade, volume de xestión ou outras circunstancias concorrentes o fagan aconsellable. As tarifas que se aplicarán axustaranse ao disposto no artigo 13, coa dedución do custo pola utilización das instalacións das mutuas.

No prazo dun mes a partir da formalización do contrato, a mutua comunicarllo á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social. Na dita comunicación acreditarase a concorrencia das circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

*Sección 2.<sup>a</sup> Colaboración entre as mutuas en materia de prestacións sanitarias e recuperadoras*

*Artigo 6. Colaboración entre mutuas.*

Co fin de obter a maior eficacia e racionalización dos recursos que xestionan, as mutuas poderán establecer entre elas os acordos de colaboración que sexan necesarios para que as prestacións sanitarias e recuperadoras ao seu cargo se poidan facer efectivas mediante a utilización do conxunto dos seus recursos asistenciais e recuperadores.

*Artigo 7. Condicións económicas.*

As disposicións de aplicación e desenvolvemento poderán establecer as tarifas pola dispensación dos servizos sanitarios e recuperadores entre as mutuas, de aplicación xeral para todo o sector.

*Artigo 8. Comunicación dos acordos.*

Os acordos que se formalicen entre as mutuas comunicaranse á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social no prazo dun mes contado desde a súa formalización, e acompañarase copia deles. En igual prazo se comunicarán as modificacións e rescisións que se produzan.

### CAPÍTULO III

**Colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social coas administracións públicas sanitarias e coas entidades xestoras da Seguridade Social**

*Artigo 9. Colaboración coas administracións públicas sanitarias e coas entidades xestoras da Seguridade Social.*

1. As mutuas poderán subscribir convenios de colaboración coas administracións públicas sanitarias das comunidades autónomas para a utilización recíproca dos recursos sanitarios e recuperadores respectivos.

Nos ditos convenios de colaboración deberán ser obxecto de determinación, ademais do contido e termos da colaboración, as modalidades de facturación e as tarifas recíprocas aplicables, que se poderán fixar por procesos ou en termos de prezos a prezo global.

2. As mutuas asumirán con cargo ao orzamento autorizado, sen prexuízo do resarcimento posterior polos servizos de saúde das comunidades autónomas ou polas entidades xestoras da Seguridade Social, o custo orixinado pola realización de probas diagnósticas, tratamentos e procesos de recuperación funcional dirixidos a evitar a prolongación innecesaria dos procesos de incapacidade temporal por continxencias comúns, de conformidade co establecido na disposición adicional quincuaxésimo primeira da Lei xeral da seguridade social e nos termos e condicións que establezan as disposicións de aplicación e desenvolvemento.

3. As mutuas poderanlles prestar a súa colaboración ás entidades xestoras da Seguridade Social para o desenvolvemento das competencias que estas teñen encomendadas mediante os instrumentos xurídicos que resulten de aplicación.

*Artigo 10. Comunicación dos instrumentos de colaboración coas administracións públicas sanitarias e coas entidades xestoras da Seguridade Social.*

Os convenios de asistencia sanitaria e recuperadora formalizados polas mutuas coas administracións públicas sanitarias a que se refire o artigo 9.1, así como os instrumentos subscritos coas entidades xestoras da Seguridade Social ao abeiro do artigo 9.3,

comunicaranse á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social no prazo dun mes desde a súa formalización, e acompañarase copia deles. En igual prazo se comunicarán as súas modificacións ou rescisións.

## CAPÍTULO IV

### **Prestación da asistencia sanitaria e recuperadora mediante concerto con medios privados**

Artigo 11. *Prestación de servizos sanitarios e recuperadores con medios privados.*

No caso de que as mutuas non dispoñan de recursos sanitarios e recuperadores, incluídos os mancomunados, nin exista posibilidade de utilización de instalacións doutras mutuas en condicións económicas, polo menos tan vantaxosas como as que ofrezan os concertos privados, ou non existan convenios coas administracións públicas sanitarias a través dos cales se poida dispensar de forma adecuada a prestación de asistencia sanitaria e recuperadora na área xeográfica de influencia en que se precise a dita asistencia, as mutuas poderán prestar os ditos servizos mediante concerto con medios privados, sempre que estes reúnan as condicións que se sinalan no artigo 12. Tales concertos, que se deberán axustar ao disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, non poderán supoñer a substitución da función colaboradora atribuída ás mutuas, en cuxo nome se prestará a asistencia, nin excluír a posibilidade de que tales concertos se estendan a outras mutuas.

A vixencia dos ditos concertos non poderá superar o período de dous anos cando a prestación de servizos se realice en centros hospitalarios, ou dun ano no resto dos supostos, e poderanse prorrogar expresamente por igual período, por acordo da xunta directiva, no caso de persistir as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

Artigo 12. *Requisitos dos medios sanitarios e recuperadores privados para concertar coas mutuas.*

Nos supostos sinalados no artigo 11, as mutuas poderán concertar a prestación dos servizos sanitarios e recuperadores ao seu cargo con centros sanitarios privados, xa se trate de persoas xurídicas ou de persoas físicas, que reúnan as seguintes condicións:

- a) Dispor de medios propios, materiais e persoais, para levar a cabo os servizos obxecto do concerto.
- b) Contar coa debida autorización de funcionamento e acreditación de suficiencia e adecuación de medios por parte da autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma e estar inscrito no rexistro de entidades sanitarias autorizadas da dita comunidade autónoma.
- c) Estar inscrito no correspondente rexistro que se levará para estes efectos na Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.
- d) Non ter ningún tipo de vinculación ou relación comercial, financeira ou de calquera outra clase, con empresas representadas na xunta directiva da mutua, co representante destas, co director xerente ou calquera outra persoa que exerza funcións de dirección executiva na mutua.
- e) Acreditar un volume de facturación por prestacións satisfeitas nos tres anos precedentes á formalización do concerto superior á facturación estimada polas prestacións obxecto do contrato.

Artigo 13. *Condicións económicas dos concertos.*

A fixación das tarifas aplicables aos concertos de asistencia sanitaria que subscriban as mutuas con medios sanitarios e recuperadores privados deberase axustar, entre os

prezos de mercado na área xeográfica de influencia, e en función da utilización de tales servizos sanitarios e recuperadores, ao prezo economicamente máis vantaxoso para a mutua.

Artigo 14. *Comunicación dos concertos con medios sanitarios e recuperadores privados.*

No prazo dun mes a partir da formalización do concerto de asistencia sanitaria e recuperadora, a mutua comunicarllo á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social. En igual prazo comunicaranse as prórrogas e rescisións de concertos que se produzan.

Nesa comunicación acreditarase documentalmente a concorrencia das circunstancias sinaladas no artigo 11 e o acordo da xunta directiva da mutua xustificativo de ter sido examinado o concerto por aquela e de ter comprobado a concorrencia no centro sanitario concertado das condicións e dos requisitos estipulados no concerto, así como de axustarse ao disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro.

Artigo 15. *Utilización de persoal sanitario das mutuas en centros concertados.*

1. Os centros privados con que se concerte a prestación sanitaria e recuperadora deberán contar con recursos propios suficientes e adecuados para levar a cabo a prestación obxecto do concerto.

2. Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social poderá autorizar a prestación dos tratamentos cirúrxicos ou poscirúrxicos con medios persoais propios das mutuas en centros hospitalarios concertados debidamente autorizados, cando razóns de especialidade, volume de xestión ou outras circunstancias concorrentes, suficientemente acreditadas, o fagan aconsellable.

3. Xunto coas razóns xustificativas da autorización para a prestación dos tratamentos a que se refire o número anterior en centros hospitalarios concertados con medios privados, a solicitude deberá especificar e identificar os medios persoais propios da mutua que van levar cabo os tratamentos. Estes profesionais non poderán prestar ningún outro servizo na instalación sanitaria concertada, nin atender a pacientes distintos dos protexidos pola mutua solicitante. Tales profesionais, así como os membros da xunta directiva, o director xerente, calquera outra persoa que exerza funcións de dirección executiva na mutua, non poderán ter participación ningunha, directa ou indirecta, na propiedade ou xestión das instalacións concertadas, xa sexa a título individual ou societario.

4. Das tarifas que se aplicarán no suposto sinalado nos números 2 e 3 anteriores deberase deducir o custo da achega de medios persoais efectuada pola mutua, de forma que o custo total para esta última non exceda o establecido no artigo 13.

## CAPÍTULO V

### **Prestación de asistencia sanitaria a favor de persoas que carezan do dereito ou cando exista un terceiro obrigado ao seu pagamento**

Artigo 16. *Tarifa aplicable.*

1. Nos supostos de dispensación de atencións e prestacións sanitarias a favor de persoas que carezan de dereito á asistencia sanitaria da Seguridade Social a que se refire o artigo 71.5 da Lei xeral da seguridade social, a tarifa de prezos aplicable fixarase atendendo aos criterios establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. Esta tarifa será así mesmo de aplicación cando a dispensación de atencións, prestacións e servizos sanitarios se realice a favor de persoas que posúan o dereito á asistencia sanitaria, nos supostos en que exista un terceiro obrigado ao seu pagamento.

3. A tarifa a que se refiren os números anteriores será igualmente de aplicación á dispensación pola mutua de prestacións e servizos sanitarios a persoas alleas ao seu colectivo de traballadores protexidos ou ao doutra ou outras mutuas coas cales non existan os mecanismos de colaboración previstos na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo II.

Artigo 17. *Suxeitos obrigados ao pagamento.*

1. No suposto previsto no artigo 16.1, o obrigado ao pagamento das prestacións e servizos sanitarios será o beneficiario destes.

2. Cando, aínda posuíndo o beneficiario o dereito á prestación sanitaria da Seguridade Social, esa prestación tivese como orixe supostos de feito que impliquen responsabilidade criminal ou civil dalgunha persoa, a mutua fará efectiva a prestación pero terá dereito a reclamar ao terceiro responsable, ao terceiro obrigado ao pagamento ou, de ser o caso, ao subrogado legal ou contractualmente nas súas obrigas, o custo das prestacións sanitarias que tivese satisfeito.

3. A Secretaría de Estado da Seguridade Social poderá subscribir os convenios que resulten necesarios para o mellor cumprimento do establecido neste capítulo.

Artigo 18. *Procedemento de reclamación da débeda.*

1. A mutua liquidará o crédito xerado polas prestacións e servizos sanitarios a que se refire o artigo 16 e instará o seu pagamento dos suxeitos obrigados a este, no prazo máximo de dous meses contados desde a data de recepción da reclamación, de conformidade co establecido no segundo parágrafo do artigo 71.5 da Lei xeral da Seguridade Social.

2. Cando os suxeitos obrigados non efectúen o pagamento da débeda no prazo previsto no número 1, a mutua remitirao á Tesouraría Xeral da Seguridade Social para os efectos previstos no precepto da Lei xeral da seguridade social citado no número anterior.

3. De conformidade co establecido no último parágrafo do artigo 127.3 da Lei xeral da seguridade social, as mutuas poderán comparecer directamente no procedemento penal ou civil seguido para facer efectivo o resarcimento, así como para promoverlo directamente, considerándose como terceiros prexudicados para o efecto do artigo 113 do Código penal.

Disposición adicional primeira. *Determinación da área xeográfica de influencia.*

Para os efectos do disposto neste real decreto, as disposicións de aplicación e desenvolvemento determinarán a área xeográfica de influencia, tomando como referencia a provincia, salvo nos supostos de insularidade e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, así como outros criterios en función da poboación protexida, extensión xeográfica ou outras circunstancias relevantes que puidesen concorrer.

Disposición adicional segunda. *Colaboración entre mutuas.*

Para os efectos do disposto no artigo 6, as mutuas comunicaranlle á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social a súa dispoñibilidade para a utilización por outras mutuas das súas instalacións e servizos sanitarios e recuperadores, debidamente clasificados por situación, dimensión e especialidade, conforme os criterios que se establezan nas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

Disposición adicional terceira. *Reordenación dos recursos sanitarios e recuperadores e adecuación de concertos.*

1. Na Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social crearase un grupo de traballo para estudar, coa colaboración de técnicos de mutuas de distinta dimensión, a posible optimización futura de centros asistenciais e recuperadores das mutuas e/ou



distribución de especialidades, así como a adecuación dos concertos con medios privados existentes ao establecido por este real decreto.

Entre os criterios que se deben ter en conta polo grupo de traballo, considerarase o dispositivo asistencial actualmente xestionado polas mutuas, e polas súas entidades e centros mancomunados, así como o volume de poboación protexida no ámbito provincial, e o número mínimo de traballadores necesario para que resulte operativa a existencia de centros asistenciais propios, por debaixo do cal a cobertura asistencial a deberá levar a cabo outra ou outras mutuas con maior implantación no referido ámbito, de conformidade co previsto na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo II.

2. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, o dito grupo de traballo deberá formular a correspondente proposta ao Ministerio de Traballo e Inmigración.

*Disposición adicional cuarta. Colaboración na prevención da enfermidade profesional e na redución dos procesos de incapacidade temporal.*

Dentro da colaboración na xestión da Seguridade Social a que se refire o artigo 68. 2 e 3 da Lei xeral da Seguridade Social, as mutuas poderán participar, nos termos e co contido que se establezan nas disposicións de aplicación e desenvolvemento, no asesoramento e desenvolvemento de plans de prevención da enfermidade profesional, de prevención da enfermidade do traballo recollida no artigo 115.2.e) da mencionada lei e de redución dos procesos de incapacidade temporal por contingencias comúns, que se acordasen entre as empresas e os representantes dos traballadores no marco da negociación colectiva. Do mesmo xeito, as mutuas poderán participar na elaboración de procesos e protocolos de reincorporación ao traballo, así como de recolocación e redeseño dos postos de traballo, en colaboración coa empresa e cos seus servizos de prevención e coa participación dos representantes dos traballadores.

Así mesmo, cando concorran as circunstancias obxectivas que o aconsellen, tales como factores de risco para a saúde, patoloxías crónicas ou baixas reiteradas, as mutuas, con coñecemento da empresa e consentimento do traballador, poderán participar no diagnóstico precoz, o tratamento e os procesos de rehabilitación necesarios para a reincorporación ao traballo, nos termos e co contido que se establezan nas disposicións de aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

A dita participación levarase a cabo con respecto, en todo caso, ao dereito á intimidade e á dignidade dos traballadores, e garantindo a confidencialidade das informacións referidas ao seu estado de saúde, con suxeición estrita ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

*Disposición transitoria primeira. Vixencia dos instrumentos de colaboración existentes.*

Mentres non se formalicen os convenios e instrumentos de colaboración coas administracións públicas sanitarias das comunidades autónomas e coas entidades xestoras da Seguridade Social previstos no artigo 9, continuarán sendo de aplicación os acordos e convenios actualmente existentes.

*Disposición transitoria segunda. Tramitación de concertos con medios privados.*

Entremetres o Ministerio de Traballo e Inmigración non estableza os termos e condicións da adecuación dos concertos con medios privados ao establecido neste real decreto, as mutuas poderán seguir tramitando novos concertos ao abeiro da Orde TIN/2786/2009, do 14 de outubro, pola que se implanta o proceso telemático normalizado Cas@, para a tramitación das solicitudes de autorización e comunicacións dos concertos con medios privados para facer efectivas as prestacións sanitarias e recuperadoras a cargo das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, os números 3 e 4 do artigo 12 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

1. Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración e a ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

2. Así mesmo, facúltase o secretario de Estado da Seguridade Social para fixar os termos e condicións da adecuación dos concertos cos medios privados existentes ao establecido neste real decreto e para regular o rexistro a que se refire o artigo 12.c).

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 17.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado, respectivamente, a competencia sobre bases e coordinación xeral da sanidade e sobre réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO